

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ACORDA A TRAMITACIÓN URXENTE DO PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE BAREMACIÓN DO MES DE DECEMBRO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2017/18

De conformidade co previsto no artigo 20 do Regulamento de réxime interno das Escolas Infantís dependentes do Consorcio "As solicitudes presentadas nos prazos extraordinarios dos meses de setembro e decembro serán tramitadas e baremadas polo Consello Escolar para a súa inclusión na listaxe de agarda na próxima baremación que realice ou para a súa incorporación á escola de non existir listaxe de agarda".

O artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que: "Cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio ou a petición do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, pola cal reduciranse á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos".

Consonte ao anterior as solicitudes presentadas neste proceso extraordinario serán baremadas polo procedemento de tramitación de urxencia.

Por todo o exposto, e unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 30 de novembro de 2017, RESOLVO:

1. A tramitación urxente do procedemento de baremación extraordinario do mes de decembro de 2017 para a adxudicación de prazas nas Escolas Infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Establecer os seguintes prazos para a tramitación do devandito procedemento:
 - a) Emenda de solicitudes: do 1 ao 11 de decembro de 2017 ambos os dous incluídos
 - b) Publicación das listas provisionais de persoas admitidas e de agarda: 21 de decembro de 2017
 - c) Prazo de reclamacións: do 22 de decembro de 2017 ao 2 de xaneiro de 2018 ambos os dous incluídos
 - d) Publicación das listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas: 17 de xaneiro de 2018
 - e) Prazo de matrícula: do 18 ao 24 de xaneiro de 2018 ambos os dous incluídos. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se formalizara a matrícula da nena ou do neno no prazo sinalado, considerarase decaída ou decaído na súa solicitude.
 - f) Incorporación á escola das crianzas matriculadas: 1 de febreiro de 2018
3. Publicar a presente resolución na web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños